

NOVIEMBRE 2023



Concello da Coruña

LUGÍN

ASOCIACIÓN DA PRENSA
DA CORUÑA



Crónicas desde o móbil

Con motivo do 50 aniversario da primeira chamada desde un teléfono móbil, reflexionamos sobre como estes dispositivos cambiaron a nosa forma de facer e consumir as noticias



NOVIEMBRE 2023

LUGÍN

ASOCIACIÓN DA PRENSA
DA CORUÑA

04

Reportaxe

Analizamos como os teléfonos móbiles cambiaron a nosa forma de traballar, de nos entreter e de nos relacionar

07

Opinión

Julio Sánchez Agrelo, decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (COETG)

12

Entrevista

Falamos con Xavier Lama, gañador do Premio Pérez Lugín cun texto adicado ao edificio da Terraza

15

Reportaxe

Repasamos a vida de Alejandro Pérez Lugín e o premio que leva o seu nome, un dos máis veteranos certames xornalísticos do noso país



Edita:
Asociación da Prensa da Coruña.
Durán Loriga, 10 - 4º.
15003 A CORUÑA.

Presidenta:
Doda Vázquez Iglesias
Vicepresidenta:
Amalia Baltar Estévez
Tesorera:
Gemma Castiñeira Sobrido
Secretaría:
Luisa López Gutiérrez
Vocales:
Mónica Barros Grela, Noela Rey Méndez, Miguel Gómez-Longo, José Manuel Fernández Mayo y Miguel Pampín Colom

O teléfono móbil: o mundo no peto

04-05

A APC dedica o Lugín á importancia do móbil no xornalismo do século XXI

06

A redacción a golpe de clic

08-09

Espello da historia entre dúas pandemias

10-11

Alejandro Pérez Lugín: unha vida de cine e letras

15

O TELÉFONO MÓBIL: O MUNDO NO PETO



Os teléfonos móbiles democratizaron o acceso á información

Na actualidade, estes dispositivos son máis pequenos que nunca, teñen unha autonomía de varios días e son capaces de realizar unha moi ampla variedade de funcións

Cambiaron a nosa forma de traballar, de nos entreter e de nos relacionar

Maria Salorio

Cos seus 50 anos recentemente cumpridos, o teléfono móbil converteuse nun elemento indispensable nas nosas vidas, é case un apéndice do noso corpo. E ao ritmo que imos, ata é posible que humanos e móbiles acabemos protagonizando un proceso de hibridación.

Estes dispositivos cambiaron a forma na que traballamos aumentando a nosa produtividade. Podemos estar conectados cos nosos compañeiros e coa nosa audiencia, acceder a información e recursos ao instante para realizar as nosas tarefas, solucionar crises...

Tamén revolucionaron o ensino. Os estudantes teñen ao seu alcance recursos educativos de todo o mundo e son capaces de comunicarse cos seus profesores e compañeiros de forma máis fácil e efectiva.

No ámbito do entretemento, o teléfono móbil ofrece unha gran variedade de posibilidades para divertirnos e relaxar-

nos. Accedemos a xogos, vemos as nosas películas e series favoritas, escoitamos música e mesmo lemos libros.

Como di Xavier Lama, gañador da anterior edición do Pérez Lugín: "Co móbil temos nas mans unha especie de paradigma da interconexión e ao mesmo tempo de biblioteca de Alexandria virtual que contén o mundo nunha mínima caixaíña".

Sen esquecer o seu importante papel nas relacións sociais e familiares. O móbil deunos a vida na pandemia. Conseguimos manter o contacto cos nosos seres queridos, enviar mensaxes, facer videochamadas e compartir fotos e videos.

En definitiva: o teléfono celular ten democratizado o acceso á información e, fagamos o que fagamos, non se despega do noso lado. É tamén guía das nosas viaxes, carteira para realizar pagos, reloxo e espertador, o noso medio de información sobre a actualidade, coidador e vixiante da nosa saúde. Pero non sempre foi así...

Un paseo pola súa historia

O teléfono móbil viu a luz en 1973, cando o enxeñeiro Martin Cooper realizou a primeira chamada do mundo cun Motorola DynaTAC 8000X. O receptor foi Joel Engel, empregado dos Bell Labs de AT&T, un dos seus grandes competidores no desenvolvemento deste dispositivo. Este primeiro teléfono celular pesaba máis dun quilo e tiña unha autonomía de apenas unha hora.

A medida que avanzaban os anos, os móbiles perdían tamaño, volvíanse máis lixeiros e aumentaban a súa autonomía. En 1990, o número de usuarios móbiles roldaba os 11 millóns, e hoxe son máis de 5.000 millóns en todo o mundo, segundo estimacións de GSMA Intelligence.

Foi na década dos 90 cando Nokia superou o liderado en innovación que ata entón exercera Motorola cos seus sucesivos modelos. En 1993, a compañía finlandesa lanzou o Nokia 2110, un dispositivo que permitía enviar e recibir mensaxes SMS. E en 1999 puxo a guinda co Nokia 7110, o primeiro teléfono móbil con navegador web.

Pero a gran revolución chegou en 2007. Apple sentou as bases do teléfono intelixente moderno co lanzamento do iPhone, "un iPod, un teléfono e un comunicador de vangarda da internet", en palabras do propio Steve Jobs. Non moito despois, en 2010, Samsung anunciou o Galaxy S, o primeiro teléfono móbil con Android, o sistema operativo móbil máis popular do mundo.

Na actualidade, os teléfonos móbiles son máis pequenos que nunca, teñen unha autonomía de varios días e son capaces de realizar unha moi ampla variedade de funcións. As novas tecnoloxías, como a intelixencia artificial, a realidade virtual e a realidade aumentada seguen transformando a forma en que utilizamos estes dispositivos.



A APC dedica o Lugín á importancia do móbil no xornalismo do século XXI

O galardón está dotado con 3.000 euros



Poderán participar no certame cantas persoas así o desexen, coa condición de que cada concursante só poderá presentar un traballo encadrado en calquera xénero xornalístico. Os traballos han ser inéditos e poderán ser escritos indistintamente en galego ou en castelán. Terán unha extensión máxima de tres folios ou 5.100 caracteres.

O prazo de presentación de orixinais finaliza o próximo día 1 de decembro e o fallo do xurado cualificador, composto pola actual directiva da Asociación da Prensa, un representante do Concello, e o gañador do ano pasado, Xavier Lama, darase a coñecer a mediados de decembro.

Mecánica

As obras, inéditas, enviaranse en papel por correo certificado e en soporte informático (formato Word ou PDF), á Asociación da Prensa da Coruña, en sobre pechado e á dirección R/ Durán Loriga, 10-4. 15003, A Coruña. O sobre levará un pseudónimo e un lema e a indicación "Premio Pérez Lugín".

Igualmente, dentro incorporárase outro sobre máis pequeno, co lema e o pseudónimo no exterior. Dentro deste incluíranse os datos do autor (nome e apelidos, dirección, teléfono de contacto) e un breve currículo. Tamén se poderán enviar os traballos a través dun correo electrónico creado co pseudónimo baixo o que se presenta o autor e co mesmo lema no asunto. De ningún xeito poderá identificarse a persoa que se presenta a través do correo electrónico ou o traballo quedará automaticamente eliminado.

O envío do correo electrónico non exime do envío do sobre co traballo en papel e, no interior, o sobre pechado cos datos persoais, que debe ser enviado de forma física á dirección postal da asociación.

O Premio Alejandro Pérez Lugín terá este ano como lema *Crónicas desde o móbil: o xornalismo do século XXI* e estará dedicado á invención do teléfono móbil, que en 2023 cumpre 50 anos e que tanto ten cambiado a maneira de traballar dos xornalistas nos últimos tempos.

A Asociación da Prensa da Coruña quixo unir, como adoita ser habitual neste premio, unha efeméride que, dalgunha maneira, estea relacionada co xornalismo -a primeira chamada feita desde un móbil en 1973- co traballo que se fai a diario nas redaccións de periódicos, radios, televisións e webs. Neste medio século, pasamos daqueles carísimos e pesadísimos terminais aos teléfonos intelixentes que levamos hoxe no peto e que permiten escribir, captar fotos, audios e vídeos e enviar o traballo de maneira instantánea, con todo o que iso supón, coas súas luces e as súas sombras, para esta profesión.

O prazo de presentación remata o próximo 1 de decembro

”

En abril de 1973 un directivo de Motorola fixo a primeira chamada desde un móbil

Todo comezou cunha chamada

Julio Sánchez Agrelo

Decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (COETG)

A telefonía móbil é unha das revolucións tecnolóxicas máis significativas dos últimos tempos. A historia da telefonía móbil remóntase a mediados do século XX, cando os primeiros sistemas de comunicación sen fíos comezaron a tomar forma. Con todo, foi hai 50 anos, concretamente o 3 de abril de 1973, cando o enxeñeiro Martin Cooper, de Motorola, realizou a primeira chamada telefónica desde un dispositivo realmente móbil, marcando un fito na historia das comunicacións. Ese primeiro prototipo, con máis de mil partes soldadas a man, tiña unha batería que lle daba unha autonomía de 12 horas de espera, ou a posibilidade de facer 12 chamadas de ata 3 minutos.

A partir de entón, esta tecnoloxía evolucionou notablemente a través de diferentes xeracións, desde a primeira (1G) ata a quinta (5G) e alén diso, co desenvolvemento en marcha da sexta xeración (6G).

No estado actual, a telefonía móbil superou a súa función primordial de realizar comunicacións de voz ou enviar mensaxes de texto, converténdose nunha plataforma tecnolóxica versátil. Os teléfonos intelixentes contemporáneos son ordenadores en miniatura que poden executar aplicacións complexas, proporcionar acceso a Internet, dar servizos de xeoloca-

lización avanzados, servir de plataformas de xogos, realizar pagos móbiles etc.

Mais a evolución non se detén aquí. A telefonía móbil está en constante evolución cara ao futuro. O despregamento da tecnoloxía 5G achandou o camiño para unha variedade de aplicacións innovadoras, como a Internet das cousas, a Realidade Virtual ou a Realidade Aumentada. A 6ª xeración albíscase como a vindeira revolución, ofrecendo velocidades de datos excepcionalmente elevadas e capacidades de comunicación avanzada, que prometen innovacións rompedoras en campos como a medicina, a educación e a automatización industrial.

A telefonía móbil non existe ela soa, en si mesma, de maneira illada, senón que se entrelaza cunha gran variedade doutras tecnoloxías, integrándose de maneira inherente no ecosistema tecnolóxico actual. A Internet das cousas, por exemplo, permite que dispositivos cotiáns se conecten a través de redes móbiles, desde termostatos intelixentes ata vehículos autónomos. A intelixencia artificial e a aprendizaxe automática tamén se combinan coa telefonía móbil para ofrecer asistentes virtuais e aplicacións de recoñecemento de voz cada día máis sofisticados.

Os beneficios directos que tivo sobre as persoas veñen sendo innegables. A telefonía móbil revolucionou a conectividade, permitindo comunicacións en tempo real a nivel global. Facilitou o acceso á información e á educación, reducindo as barreiras xeográficas e socioeconómicas. As aplicacións de saúde móbil melloran a atención médica, permitindo a monitorización continua da saúde e o acceso a información médica crítica. Ou, tamén, promove a inclusión financeira ao posibilitar transaccións e servizos bancarios a persoas que doutro xeito estarían excluídas destes sistemas. Con todo, os tecnólogos, as empresas e a administración temos a responsabilidade moral de traballar conxuntamente para impedir o illamento de colectivos "non dixitalizados", como ocorre cos nosos maiores, fronte as novas tecnoloxías.

En resumo, a telefonía móbil percorreu un camiño impresionante desde a súa concepción inicial, e a súa converxencia con outras tecnoloxías e o seu impacto positivo na vida cotiá das persoas convértena nunha forza transformadora cara a unha sociedade máis sostible. A traxectoria cara ao futuro é prometedora, e o seu potencial para impulsar avances tecnolóxicos e sociais é innegable.

A redacción a golpe de clic

O teléfono móbil consolidouse como una peza clave á hora de producir e consumir a información na era dixital.



Miguel Gómez Longo

Non importa canto tempo pase, algunhas frases sempre serán certas. E é que como dixo Bob Dylan, alá por 1964, *the times they are a-changin'*, unha reflexión que para os periodistas podería ter, case, o valor dun mantra.

Agora os periodistas, equipados cos dispositivos móbiles, poden retransmitir en vivo o suceso do que están sendo testemuñas, acortando os tempos de cada cobertura informativa, interactuar directamente coa audiencia á que dese-

Pode parecer unha esaxeración, pero nas roldas de prensa xa non só os ordenadores portátiles, os micrófonos ou os cadernos adornan a paisaxe. Os móbiles transformáronse nunha das ferramentas elixidas por moitos profesionais, ao ser fáciles de usar e atoparse dentro do peto.

Segundo o estudo *Digital News Report España 2023*, elaborado pola Universidade de Navarra, "os dispositivos intelixentes, como teléfonos móbiles e tablets, desempeñaron un papel fundamental na evolución do periodismo cara un enfoque máis dinámico e en tempo real".

Sen darnos conta, demos a benvida ao periodismo móbil, aquel que pode realizarse con *smartphones* ou con tabletas e que axuda a recompilar, producir e difundir noticias dunha forma diferente.



Seis de cada dez mulleres escollen informarse mediante o seu *smartphone*

xan dirixirse e, por tanto, lograr un maior alcance e impacto.

O móbil, o dispositivo preferido para consultar as noticias

Internet e a democratización dos *smartphones* influíron tanto na forma de traballar dos profesionais da información como na resposta da sociedade, que se decanta polo móbil á hora de escoller como prefere ler as noticias.

Como sinala a coñecida entidade educativa navarra, o dispositivo máis utilizado para consumir noticias dixitais "segue sendo o teléfono intelixente, cun 67% dos internautas, seguido do ordenador cun 33%". O uso do móbil no ámbito da información acentuouse na pandemia, chegando ao 78% en 2021. Tamén no último ano incrementouse o uso informativo de dispositivos como os televisores e os altavoces intelixentes.

Ao indagar sobre que xeracións son as primeiras en pensar no móbil para consultar que está acontecendo na súa contorna, os datos sorprenden: a elección do *smartphone* para este propósito acentúase nos grupos de

idade de 35 a 44 anos (68%) e de 55 a 64 (69%), mentres que entre os mozos de 18 a 24 anos supón un 59%.

Homes ou mulleres, quen prefere o móbil?

A investigación *Digital News Report España 2023* destaca que por sexo tamén existen diferencias sobre cal xénero prefere informarse a través do móbil. Seis de cada dez mulleres escollen informarse mediante o seu *smartphone* fronte a un 52% da poboación masculina.

Ademais, se falamos de grupos de idade, o 61% de internautas entre 18 e 44 anos escollen o teléfono intelixente para se informar. Esta opción redúcese ao 54% entre os maiores de 45 anos, descendendo a un 46% entre as persoas que superan os 65 anos.

En definitiva, a popular irrupción dos dispositivos móbiles na nosa vida e a carreira por incorporar novos avances tecnolóxicos cambiou radicalmente o modo de facer periodismo. Orixinou unha nova forma de contar as cousas e de acceder á información.

A elección do smartphone para consultar as noticias é maior nos grupos de idade de 35 a 44 anos (68%) e de 55 a 64 (69%)

Espello da historia entre dúas pandemias

Texto gañador da 82 edición do Premio Pérez Lugín

Xavier Lama

Nunca saberemos se García Márquez viviu un contaxio pasaxeiro de optimismo ou idealismo cando dixo que o xornalismo é a mellor profesión do mundo. Iso si, permítenos ser espectadores máis ou menos privilexiados da historia, xa sexa desde a primeira fila ou desde un afastado galiñeiro e mesmo ás veces acobillados en retagardas máis burocratizadas e difusas. Pero exercer como xornalista nun edificio que foi sala de baile e salón de cinema, no que Charlot e Harold Lloyd desafiaban as leis da gravidade, e oficina do Deportivo e da Metro Goldwyn Mayer ou sede da grea falanxista e estación de paso de efémeros okupas e graffiteiros; en fin, ser periodista nese barco varado no asfalto debe de ser algo así como vivir nun miolo da historia herculina e seguir a frecha do tempo.

O edificio coruñés da Terraza, ocupado polo xornalismo de urxencia, é tamén unha permanente homenaxe ao das letras eternas, ao que pervive na burbulla do atemporal. Non esquezamos que desde as súas alturas nos esculcan os bustos de oito grandes prumas xornalísticas, desde Murguía ata Fernández Flórez. Deteñámonos no de Julio Camba, co seu aceno de difuminada tristura e de envaramento vertical. Debe de resultar moi cansa esa posición erecta para alguén que escribiu algún dos seus mellores artigos en horizontal, semideitado na cama dunha habitación capicúa, a número 383 do madrileño hotel Palace, que por certo pagaba Juan March.

Pois ben, Camba pariu hai décadas unha frase que nos fixo reflexionar nos tempos do coronavirus: “Se se considera que a vacina é a tiranía non se está moi lonxe de crer

que a variola sexa a liberdade”. Así lanzaba os dardos o antigo anarquista de Vilanova da Arousa, como delicados mísiles terra-aire recubertos dun humor paradoxal que facían diana no corazón da intelixencia.

Vén isto a conto porque o edificio A Terraza cumpre un século moi ilustrativo, xusto os cen anos que median entre dúas pandemias. Foi construído entre 1920 e 1922, recén rematado o pesadelo da mal chamada gripe española, que deixara en 1918, e máis residualmente en 1919, un exceso de desfiles fúnebres polas rúas coruñesas cara ao cemiterio de San Amaro. A cidade vivira algo semellante ao medo ás pestes medievais e desde algúns púlpitos sagrados pregábase alporizadamente para frear a danza da Morte e as malas artes do Díaño. No outono de 1918, o período máis inzado de baixas, mesmo xornais herculinos como La Voz de Galicia e El Ideal Gallego publicaban a diario a lista das vítimas do virus da gadaña. E despois desa paréntese de dor, incerteza e un sentimento fatalista chegaron as ganas de aferrarse a todas as latitudes da vida, de abrirse a novas experiencias e de saborear o mel dos praceres cotiáns. Eran os felices anos vinte da *joie de vivre*.

A Coruña pasa a protagonizar unha etapa vibrante, que presenta fascinantes contrastes. As grandes navieiras fanse fortes nun porto revitalizado e a burguesía financeira constrúe unha ringleira de bancos, desde o Pastor ata o South American Bank, que destilan monumentalidade e proxectan unha iconografía concluinte arredor do poder dos cartos. Son como caixas rexistradoras ciclopeas, non exentas de beleza, que conforman un espellismo de prosperidade ata que chega o crack do 29 con eses problemas

recorrentes como son o paro, o elevado déficit estatal e (preparados, isto vai soarnos a pesadelo cíclico) unha inflación disparada. Nese descontento final fermentará, en certa medida, o alborear da República. Na Coruña dos felices vinte constrúese sen parar, cun afán desmedido, gañándolle terreo tamén ao mar. Unha regalia, unha panacea para promotores, arquitectos e mestres de obra, que ten efecto chamada para unha recua de obreiros que acoden a esa Meca construtiva. Un non pode deixar de pensar na engaiolante intrahistoria dunha urbe na que coexiste unha vigorosa burguesía moi dicotómica (unha parte moi conservadora e outra chamativamente progresista) cun puxante movemento obreiro, sobre todo de corte anarcosindicalista. No ronsel da utopía de Bakunin, Proudhon e Malatesta habían xurdir entre os coruñeses ateneos libertarios con nomes tan evocadores como Nueva Era, Resplandor en el Abismo, Germinal ou Espartaco.

Nesa curiosa marmita social, o novo edificio da Terraza (non fai falta repetir que o anterior situado no mesmo emprazamento acabou en Sada) convértese nun dos principais escaparates da sociedade acomodada, con vocación cosmopolita, cun punto narcisista e con fame case cobizosa de novidades, sobre todo as que chegaban de París. Durante os vinte, alí podíase ver unha película, tomar un cóctel, asistir a un baile ou concertar un negocio cun indiano desembarcado no peirao. Despois, A Terraza seguirá sendo coma un espello proxectivo do devir histórico. Referímonos aos tempos dun republicanismo bipolar (o adiñeirado e o menstrual), ás mancaduras da guerra que se deixaron notar na edificación, despois á longa noite de pedra do totalitarismo que o ha converter en residencia temporal da Falanxe, da Fronte de Xuventudes e da súa radio amiga, Radio Juventud, e tamén da OJE. Da ocupación por parte dos vencedores en tempos abrasivos pasará máis tarde por unha delongada decadencia, lindeira co abandono, entre o tardofranquismo e o clarexar da democracia. Retorna á vida intensa e urxente, pero xa cara adentro (nunca máis cara ao exterior) avanzada a transición, cos micrófonos de Radio Nacional e o rexistro audiovisual da Televisión Española, que van componendo a sintaxe diaria, en fluxo permanente, da actualidade galega e herculina. Desde esa casa narrouse a fumareda exasperante do Mar Egeo e deuse conta coa maior dignidade posible (sempre o posibilismo como horizonte e límite) do berro colectivo do Nunca Máis que xurdiu da deriva do Prestige e do seu cargamento excrementicio para as nosas costas. Pero aínda había chegar outra data clave: o 4 de marzo de 2020 Radio Nacional comunicaba o primeiro caso de coronavirus na Coruña. Era o primeiro galego contaxiado.

antano e aquelas burguesas de hai un século seducidas pola moda parisién, acudindo agora (moito máis libres e emponderadas) a contemplarse no espello múltiple de Steven Meisel no peirao da Batería. E desde ese mesmo lugar, o rostro vernizado de melancolía de Fernández Flórez semella buscar en Google Maps a fraga de Cebre para comprobar se lle afectou a serra avarenta ou quizais o cambio climático.

Non faltaban voces que falaban doutros posibles felices anos vinte postpandémicos nesta década, pero os xornalistas da Terraza fálannos a cotío do aumento dos prezos, dos problemas para moitos coa cesta da compra ou da pobreza enerxética. Xa saben, a maldita inflación, que tamén acabou, en boa medida, con aquel soño expansivo dos felices vinte de hai un século. Pero atentos, que xa chega a intelixencia artificial para habitar virtualmente neste edificio e imos ver se nos trae algoritmos transformadores e códigos creativos que reprogramen a vida postvirus nun destilado de esperanza. Iso se Google e AlphaCode o permiten. Ai, se Camba erguera a cabeza de verdade e nos puidera ver tan narcisistas e ensimesmados cos nosos móbiles, coas redes sociais e con tanta opulencia comunicacional ás veces tan vacua!



O edificio da Terraza acolle hoxe en día a cabeceira territorial de RNE e da delegación de TVE na Coruña

“No teito da Terraza acompaña a Camba a gran Pardo Bazán e ben podemos imaxinar que observa desde as alturas da vella Marineda as cigarreiras de antano e aquelas burguesas de hai un século seducidas pola moda parisién, acudindo agora a contemplarse no espello múltiple de Steven Meisel no peirao da Batería”

Edificio da Terraza, construído entre 1920 e 1922

A Terraza cumpría no 2022 un século moi ilustrativo, xusto os cen anos que mediaron entre dúas pandemias: a mal chamada gripe española e a COVID



“UN BO ARTIGO TEN UN VALOR QUE PERMANECERÁ”

Doda Vázquez

Xavier Lama divide a súa vida entre o xornalismo e a literatura, con premios abondo en todas e cada unha das disciplinas. Pertence ao selecto club de persoas que gañaron o Pérez Lugín non unha, senón dúas veces. En 2017 cun texto titulado “Somos cultura da auga”. En 2023 volve ser o elixido co traballo “Espello da historia entre dúas pandemias”

Xavier Lama gañou o Lugín co texto *Espello da historia entre dúas pandemias*

O xornalista lugués pertence o selecto club de persoas que conseguiron gañar o galardón non só unha, senón dúas veces, no 2017 e no 2022

Como senta o feito de ter gañado este premio xornalístico dúas veces?

Pois está ben tendo en conta a nómina de galardoados e, sobre todo, por ser un premio tan veterano, o máis lonxevo do xornalismo estatal. Pero conseguir un premio non deixa de ser case unha lotaría. Fun xurado deste premio despois de obtelo por primeira vez e, entre todos os traballos, había seis ou sete que podían gañalo perfectamente. O máis importante deste galardón é o mérito da APC, para mantelo en pé ao longo de décadas ata convertelo nun dos seus sinais de identidade. Logo faino totalmente singular que o concurso sexa destinado a un artigo inédito, non publicado previamente, e presentado baixo plica cun anonimato total, o que posibilita unha maior ecuanimidade por parte do xurado.

Como xornalista, como leva estar do outro lado do micrófono, contestando e non facendo as preguntas?

Hoxe en día forma parte do traballo, tendo en conta a cantidade de xornalistas tertulianos e opinadores de todo o divino e o humano que podemos escoitar cada día na radio ou na televisión. Eu teño sido demasiado discreto, sempre fuxín da exposición nas redes, do exhibicionismo, pero estar do outro lado hai que tomalo como algo normal. Forma parte deste mundo hipermediático.

Elixiu como pseudónimo Fendetestas 2.0. Agocha un xornalista revolucionario aínda que tecnolóxico detrás dese nome?

Sinceramente, non agocha nada moi especial. Non deixa de ser unha homenaxe a Fernández Flórez e ao seu entrañable Xan de Malvís, alcumado Fendetestas, de *El bosque animado*. Creo que os que vimos a película de José Luis Cuerda xa o asociamos para sempre ao personaxe interpretado por Alfredo Landa. Con iso do 2.0 sempre se pode facer algunha broma e imaxinar un Fendetestas tecnoloxizado,

cun pistolón eléctrico tipo TASER e cun dron para detectar as posibles vítimas polos camiños dun bosque frondoso e con xabaríns deses que baixan ás cidades.

Comezca con esa frase atribuída a Gabriel García Márquez de que “o xornalismo é a mellor profesión do mundo”. Concorda con el?

García Márquez é moi grande, pero neste caso sinto disentir. A min o xornalismo non me parece a mellor profesión, creo que aí o escritor colombiano deixouse levar por unha visión demasiado romántica. Eu podo imaxinar ducias de profesións mellores, desde *rockstar* ata empresario de éxito incuestionable tipo Amancio Ortega, xa que estamos na Coruña, pasando por un moi amplo abano de alternativas posibles. Que é máis interesante, ser xornalista deportivo nun medio local ou ser directamente Messi? Pensa que poderíamos facer preguntas deste tipo en serie referidas a distintas profesións. Hai que ser realistas. Quizais o xornalismo foi a mellor profesión do mundo para García Márquez, Chaves Nogales, Josep Pla, o propio Cunqueiro, Kapuscinski, Oriana Fallaci, Josefina Carabias e tantos e tantas outras. Pero, como sucede en todas as profesións, seguro que non o é para alguén que se está buscando a vida con traballos efémeros e mal pagados, con poucas posibilidades de lograr unhas condicións laborais dignas ou con diverxencias éticas graves con respecto ao medio para o que traballa, etc.

Fala no seu artigo de dúas pandemias, a da gripe do 18 e a do covid, e tamén do xornalismo. Esta última é unha enfermidade que non se cura?

Creo que é moi curable sen visitas ao médico e sen medicación. Coñezo xornalistas xubilados que están felices de non depender de horarios, imposicións profesionais, relacións cos superiores xerárquicos non sempre doadas, etc. O que espero que non se cure é a curiosidade, a capacidade de seguir indagando sobre o mundo e as

súas circunstancias, o amor pola lectura, a necesidade de seguir escribindo o que sexa e cando sexa, pero sen horarios.

Das oito figuras que coroan o edificio da Terraza, ao que dedicábase o premio en 2023, detense especialmente na de Julio Camba. Por que?

Quizais porque Julio Camba ten unha obra xornalística como articulista que permanece máis viva e que é bastante atemporal e moi accesible. Por outra parte, deixou unha frase para os negacionistas das vacinas que recollo no artigo.

Compara tamén estas dúas pandemias, separadas por un século, pero con moitas similitudes entre elas. Non en balde o lema do seu artigo era *Eterno retorno...*



Xavier Lama recolleu o premio da man da alcaldesa da Coruña, Inés Rey, e da presidenta da APC, Doda Vázquez

O escritor e xornalista analiza a vida do edificio da Terraza entre as dúas pandemias que viviu, a da gripe e do covid, con referencias a Julio Camba, a Murguía, a Fernández Flórez e a moitos dos feitos históricos neste intre.

Na historia danse estes bucles cíclicos que fan que a mal chamada gripe española de 1918 ofrezca curiosas semellanzas coa pandemia de 2020 e o que sucede na Coruña, coa Terzeza como vehículo conectivo, resulta do máis curioso. Iso dá pé para falar dos felices anos vinte que sucederon a aquela gripe e que non puidemos vivir un século despois por esta concatenación de guerras, primeiro a de Ucraína e agora a de Israel cos palestinos.

Este ano, no que vai formar parte do xurado como gañador da última edición, dedicamos o premio ao móbil e os cambios que introduciu na maneira de traballar para os xornalistas. Como foi a súa experiencia?

Alguén poderá considerarme un raro, pero a min o teléfono móbil cambioume máis a vida personal que a profesional. Certo que co móbil entramos na verdadeira era de inmediatez, que todos e todas temos nas mans unha especie de paradigma da interconexión e ao mesmo tempo de biblioteca de Alexandría virtual que contén o mundo nunha mínima caixiña, que podemos fotografar case ilimitadamente, etc. Eu teño nunha única pantalla algo así como cincuenta páxinas webs de medios galegos, españois e internacionais e iso permíteme unha visión panorámica da actualidade a primeira hora da mañá a golpe de click. Agora que pechou o último gran quiosco de prensa en Santiago, o da praza do Tournal, aberto desde 1899, lembro que a súa xerente contaba que os xornais arxentinos tardaban sete días en chegar. Agora podemos seguir as presidenciais arxentinas desde Clarín ou La Nación ao momento.

Considera positivos estes cambios?

Considero positivos os cambios que facilitan o traballo desde a perspectiva da inmediatez (que ás veces está rifada coa pausa para o reflexivo), da fluidez e da facilidade de acceso ás fontes, da edición, etc. Eu son da xeración que comezou con máquina de escribir, aínda que por pouco

tempo, e teléfono fixo. Despois chegaron os móbiles como agora os entendemos, non aqueles armarios coñecidos como *mancontros* na fala popular. Asistimos á revolución da Internet, aos primeiros usos do correo electrónico... A partir de aí viñeron moitas innovacións en cadea no ámbito profesional. Dos cambios na televisión e dos seus procesos na manufacturación do produto audiovisual xa non che conto, porque me levaría demasiado tempo.

Cal é o que máis valora e cal foi o que máis prexudicou a profesión?

Creo que Internet nos dous casos pola súa ambivalencia e pola interpretación dual que podemos facer do fenómeno. Por unha parte, someteu os medios en formato papel a unha crise inédita e pola outra abre perspectivas democratizadoras, xa que montar un medio é relativamente barato e a oferta agora resulta moito máis plural. Ao mesmo tempo, esa pluralidade innegable ten unha vertente negativa, xa que abre a porta a todo un mundo *fake* nas redes sociais, que é un hábitat perfecto para negacionistas de todo tipo, extremistas, espaxexedores de odio, etc.

Falando da profesión, cal e a súa visión actual sobre o xornalismo e os xornalistas?

Penso que se podería falar, a grandes rasgos, de tres estratos profesionais ou clases sociais. Os que están no piso superior cunha proxección e unha fama evidentes, que son privilexiados doutra especie. Falo das estrelas megapagadas da radio ou da televisión, e aínda quedan algúns na prensa escrita. Iso si, teñen que aguantar os *haters* que lles fan marcaxe nas redes sociais. Logo virían os do piso intermedio, moi afastados dese estatus, que dispoñen de empregos e salarios dignos. Unha das súas preocupacións é non caer nas gadoupas dun ERE ou un peche colectivo. Descendendo na pirámide, estarían os que buscan a vida cunha inestabilidade abraiante: contratos episódicos de falsos autónomos, colaboracións mal pagadas, precariedade laboral que se eterniza...

Como vai evolucionar nos próximos anos?

É unha incógnita e non quero ser demasiado pesimista. Estamos rodeados de postverdade, de opinionitis sen pausa nas redes, de *haters* que sementan odio e maledicencia, de trincheiras ideolóxicas na propia democracia perniciosas para a nosa profesión. O panorama semella ben agrisado. Pero son dos convencidos de que unha boa reportaxe, unha información seria e contrastada, un bo artigo ou un sólido traballo de investigación xornalística son valores que permencerán; iso si, asediados por ese veneno do *fake* e dos odiadores nas redes.

Cales son as nosas eivas principais?

Poderíamos falar unha mañá enteira. Por simplificar despois de todo o apuntado: precariedade vencellada á hiperfragmentación mediática, dificultades para impoñer unha pausa reflexiva nun mundo tan voraz marcado pola inmediatez, a postverdade envolvente de moi diversos tipos, unha profesión case desregulada... E poderíamos seguir así un bo cacho.

É a intelixencia artificial unha ameaza ou unha ferramenta máis?

Supoño que as dúas cousas: ferramenta e ameaza como sucede coa Internet. Certo que está practicamente en cueiros, pero en fase de evolución exponencial para os anos vindeiros, e necesitamos máis datos obxectivos. Precisamente, onte lía dúas cousas. Por unha parte que automatizará un de cada dez empregos galegos en xeral a curto e medio prazo. Pola outra, unha especie de análise prospectiva viña a dicir que dentro de bastantes décadas, non lembro cantas, seremos máis parvos, máis vagos e máis gordos por delegar parte da nosa vida e do traballo na IA. Pois apliquemos o conto ao xornalismo. Supoño que a necesidade urxente é regulala, e non só no referido ao uso dos datos, para que non nos invada dun xeito demasiado tóxico.

“Podo imaxinar unha ducia de profesións mellores que o xornalismo, desde rockstar ata empresario de éxito”



O escritor, xornalista e director de cine Alejandro Pérez Lugín

Pérez Lugín publicou en vida dúas novelas: *La casa de la Troya* e *Currito de la Cruz*, ambas levadas ao cine, e colaborou con numerosas cabeceiras, chegando a entrevistar ao rei Alfonso XIII.

Alejandro Pérez Lugín: unha vida de cine e letras

Escritor, xornalista e director de cine, Alejandro Pérez Lugín deixou a súa pegada nos seus artigos e crónicas publicadas en diversos medios de comunicación e nas súas novelas, pero tamén no premio xornalístico que leva o seu nome e que constitúe o terceiro máis veterano de cantos se conceden en España, só superado polo Mariano de Cavia, creado en 1920 por Torcuato Luca de Tena, fundador do diario ABC, e o Alfonso Rodríguez Santamaría, convocado desde 1940 pola Asociación de la Prensa de Madrid.

Madrileño de nacemento e galego de filiación –a súa nai era prima de Rosalía de Castro– e adopción, a temperá idade de 13 anos trasladouse coa súa familia a Santiago, onde terminaría o bacharelato e continuaría a carreira de Dereito. Desdes anos universitarios sacaría o futuro novelista material para a súa primeira novela: *La casa de la Troya*, que se convertería nun grande éxito e sería levada ao teatro e ao cine e mesmo editada en Estados Unidos baixo o título de *The House of Troy*. Despois, virían *Currito de la Cruz*, obra popular sobre o mundo do toreo, e, xa de forma póstuma, *Arminda Moscoso* e *La Virgen del Rocío ya entró en Triana*.

No ámbito xornalístico, colaborou con numerosas cabeceiras como *El Pensamiento Galaico*, *El Compostelano*, *Por Esos Mundos*, *Nuevo Mundo*, *Arte Taurino*, *El Correo*, *El Globo*, *Diario Universal*, *El Mundo*, *España Nueva*, *La Mañana*, *La Tribuna*, *El Liberal*, *El Liberal (Bilbao)*, *Heraldo de Madrid*, *La Libertad*, *Hoy*, *El Debate*, *El Eco de Santiago* y *La Voz de Galicia*. Fixo crítica musical, teatral e taurina, baixo o pseudónimo de Don Pio, e tamén entrevistas, entre as que destaca a que lle fixo ao rei Alfonso XIII.

Como director de cine, encargouse da adaptación da súa novela *Currito de la Cruz*, sendo este filme mudo un dos largos máis antigos da cinematografía española; e tamén da primeira versión cinematográfica de *La Casa de la Troya*, en 1925. Xa no 1959 estreariase unha nova película sobre a novela, na que participaron algúns dos actores máis famosos da época, como Arturo Fernández, Pepe Rubio, José Isbert ou Ana Esmeralda.

Finado no 1926 na súa residencia de verán no Burgo, foi enterrado no cemiterio de San Amaro da Coruña, onde a súa memoria continúa viva da man do concello e da APC.

Un premio con moita historia

Este ano o Premio Pérez Lugín alcanza a súa edición número 83. En 1936, a viúva do xenial escritor da Casa da Troya creou unha fundación co nome do seu marido, dotándoa dun capital, depositado no Banco Pastor, con cuxos intereses debería concederse o premio, segundo rezaba textualmente “ao mellor traballo literario que se presente sobre un tema de Galicia enxalzando a mesma”. Pero non foi ata 1941 cando se creou o premio. Naquel ano o gañador, o primeiro da historia, foi Eduardo Pérez Hervada. Desde entón obtivérono destacados xornalistas e escritores. A listaxe inclúe a Ezequiel Pérez Montes (1963), Emilio Quesada (1964) ou Ángel Padín (1999).

Nos últimos anos, os gañadores foron Jorge Pan Varea (en 2018, aínda que tamén o gañaba en 2015), Rodri Suárez (2019), Suso Martínez (2020), Javier Quintana (2021 e 2009), e Xavier Lama (2022). A primeira muller galardoada co Pérez Lugín foi Mercedes Modroño (1989), á que sucederon Cristina Amenedo (1995), Lola Roel (1996) e María del Rosario Martínez Martínez (2007).

Madrileño de nacemento, a temperá idade de 13 anos trasladouse coa súa familia a Santiago de Compostela

